



## CIRCULAR INFORMATIVA 19-01-2017

Estimados pais/nais de alumnos e alumnas:

Entre as actividades que temos planificadas para este curso escolar, nos próximos días (do 23 ao 30 deste mes) realizaremos unhas **xornadas de educación vial** organizadas polo Concello de Tui e a DGT. Participa o noso alumnado, en función da súa idade, como peóns e como conductores (bicis e karts) nun circuito que temos instalado nas pistas do colexio.

Pedimos a súa colaboración: o alumnado que dispoña de casco deberá traelo da súa casa o día que lle toque realizar a actividade que é o seguinte:

- Luns, 23-01-17: alumnado de Primaria de 1º A-B e 3º A-B.
- Martes, 24-01-17: alumnado de Primaria de 2º A-B-C e 5º C.
- Mércores, 25-01-17: alumnado de Primaria de 4º A-B-C e 5º A.
- Xoves, 26-01-17: alumnado de Infantil 3 anos A e de Primaria 5º B e 6º A.
- Venres, 27-01-17: alumnado de Infantil 3 anos B e de Primaria 6º B-C.
- Luns, 30-01-17: alumnado de Infantil 4 anos A-B e 5 anos A-B.

Tamén queremos informarles do seguinte:

- Esta semana, o alumnado participou en charlas a cargo de D. Xoán Martínez Tamuxe e D. Fernando Garrido Figueiras sobre historia e cerámica relacionadas co noso Proxecto. E tamén, nun obradoiro de cabaqueiros coa colaboración do Concello de Tui impartido por D. José Alonso.
- Entre as actividades que realizaremos co alumnado para celebrar o **Día da Paz**, está o desprazamento á Área Panorámica o martes, 31-01-17, para asistir a unha representación organizada pola ANPA "As Olivas".
- No mes de febreiro comezaran as **clases de PROA** pola tarde, dúas horas e dous días á semana, para o alumnado participante que será informado.
- Este curso escolar, continuamos co **reparto de froita fresca** entre o alumnado grazas á concesión de axuda do FOGGA (Fondo Galego de Garantía Agraria). O primeiro reparto será do luns, 13 de febreiro, ao venres, 17 de febreiro.

Un saúdo

A DIRECCIÓN